



Novos mercados a gañar

Description

Poñamos aínda algún exemplo máis, só algún, do que Galicia está a perder por non considerar unha estratexia de aproximación a este universo: o audiovisual galego perdeuse o Imagens, festival lusófono de cinema que tivo lugar en Cabo Verde no pasado mes de decembro; os empresarios galegos probabelmente se perderán un interesante encontro entre empresarios chineses e empresarios de toda a Lusofonía que terá lugar en Lisboa nos próximos 10 e 11 de abril; a selección galega de fútbol e outras que poderían ser creadas probabelmente se perderán os primeiros Jogos da Lusofonía, que decorrerán en Macau no próximo mes de agosto e que incluírán: Atletismo, Baloncesto, Tenis de mesa, Voleibol de praia, Taekwondo, Fútbol Sala e Fútbol. Tendo en conta que este último deporte contará tamén con seleccións de Brasil, Portugal e Angola, países de primeiro nivel mundial.

A diversificación dos nosos mercados exteriores é unha cuestión estratéxica esencial para a economía galega, tanto máis canto as taxas de crecemento do mercado europeo presenta síntomas de estancamento dende hai anos. Nesa perspectiva, non deberíamos descoidar a atención a eses escenarios xeográficos nos que a facilidade lingüística, como facemos con aquela parte do mundo que se expresa en lingua castelá, pode axudarnos a penetrar máis doadamente. É esta facilidade de entendemento lingüístico, esencialmente, a que aproxima e abre a Galicia un mundo de posibilidades nos territorios de lingua portuguesa.

Poñamos cifras na mesa. A Lusofonía representa máis de 222 millóns de persoas no mundo e manexa aproximadamente a 50ª parte do PIB mundial. O PIB lusófono creceu, atendendo aos datos do Banco Mundial, a un ritmo medio de 4% entre 2000 e 2004, con Mozambique e Angola como puntas de lanza, con crecementos medios de 7,36% e 7,03% respectivamente durante ese período. Constitúe, pois, un mercado considerábel con perspectivas de crecemento notábeis que chegan mesmo a ser espectaculares: segundo publicaba o xornal portugués Público o pasado 9 de febreiro na súa versión electrónica, espérase que o crecemento de Angola durante o 2006 se sitúe arredor do 20%!

Na Lusofonía está Brasil, economía emerxente con espectacular potencial que, entre outras cousas, podería vir a ser o principal produtor mundial de bio-combustíbeis, substitutos limpos e renovábeis do petróleo, segundo ten aseverado o propio presidente Lula. Na Lusofonía está Angola, segundo maior produtor de petróleo da África Subsahariana. Na Lusofonía está Macau, porta de entrada para a China, nin máis nin menos. Na Lusofonía está Mozambique, país co maior crecemento mundial do turismo no ano 2005 segundo a Organización Mundial do Turismo, tendo ultrapasado o número de visitantes do 2004 en 37%.

A Lusofonía é costa, quilómetros e quilómetros de costa para os nosos mariñeiros e armadores. «Da minha lingua vê-se o mar» decía o escritor portugués Vergílio Ferreira. A Lusofonía é necesidade de edificios, de estradas, de universidades, de tecnoloxía, de coñecementos técnicos do máis diverso tipo... para os nosos empresarios e profesionais especializados. A Lusofonía é tamén necesidade básica, de comida, de bebida, de medicina... para a nosa cooperación ao desenvolvemento. A Lusofonía é actividade cultural intensa e heteroxénea coa que nos enriquecer, e tamén mercado cultural para os nosos artistas: escritores, músicos, pintores... A Lusofonía é paraíso para o lecer e para o noso descanso:

as praias caboverdianas, en permanente verán, con temperaturas ambientais entre 20°C e 25°C e temperaturas da auga entre os 21°C e os 25°C durante todo o ano; o Centro Histórico de Macau, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2005; o espectacular carnaval brasileiro...

Poñamos aínda algún exemplo máis, só algún, do que Galicia está a perder por non considerar unha estratexia de aproximación a este universo: o audiovisual galego perdeuse o Imargens, festival lusófono de cinema que tivo lugar en Cabo Verde no pasado mes de decembro; os empresarios galegos probabelmente se perderán un interesante encontro entre empresarios chineses e empresarios de toda a Lusofonía que terá lugar en Lisboa nos próximos 10 e 11 de abril; a selección galega de fútbol e outras que poderían ser creadas probabelmente se perderán os primeiros Jogos da Lusofonía, que decorrerán en Macau no próximo mes de agosto e que incluírán: Atletismo, Baloncesto, Tenis de mesa, Voleibol de praia, Taekwondo, Fútbol Sala e Fútbol. Tendo en conta que este último deporte contará tamén con seleccións de Brasil, Portugal e Angola, países de primeiro nivel mundial.

Galicia ten, en fin, practicamente as mesmas posibilidades de aproveitamento da Lusofonía que pode ter calquera país lusófono. Con dúas vantaxes que a fan única na Lusofonía e que lle poderían abrir, quizá, máis portas que aos demais países: Galicia é un país desenvolvido e Galicia non foi a metrópole imperial da Lusofonía.

País	Superficie (km ²)	Poboación total	PIB (millóns dólares)	PIB per cápita (dólares)	% PIB mundial	Taxa crece mento 2004	IdH (¹)
Angola	1.246.700,0	13..000	13.189	976,96	0,0400	10,0%	0,445
Brasil	8.547.400,0	176..000	492.338	2.787,87	1,3500	5,3%	0,792
Cabo Verde	4.033,0	446.000	797	1.787,00	0,0020	5,3%	0,721
Guiné Bissau	36.120,0	1..000	239	159,33	0,0010	-1,2%	0,348
Macau ⁽²⁾	27,5	465.000	10.358	22.275,00	0,0300	28,6%	0,904
Moçambique	801.590,0	18..000	4.321	229,84	0,0100	8,4%	0,379
Portugal	91.980,0	10.400.000	147.899	14.221,06	0,4000	1,4%	0,904
São Tomé e Príncipe	1.001,0	187.410	59	314,82	0,0002	4,5%	0,604
Timor-Leste	15.007,0	953.000	341	357,82	0,0010	-3,1%	0,513
Totais	10.743.858,5	222.851.410	669.541		1,8342		

Fonte: Institut de Relations Internationales et Stratégiques (IRIS): L'Anne Stratégique 2006, Éditions Dalloz, Paris, 2005. Os casos en que foron usadas outras fontes aparecen relacionados nas notas (1) e (2).

(1) Os datos relativos ao IDH foron extraídos do sitio web Human Development Reports (última visita: 13/01/2006), excepto no caso do IdH de Macau.

(2) Os datos relativos a Macau foron extraídos do sitio web da Direcção dos Serviços de Estatística e Censos de Macau (última visita: 13/01/2006). Nalgún caso (PIB, PIB per cápita, Porcentaxe do PIB mundial), a fin de facer equiparables os datos de Macau cos dos demais países foi necesario realizar cálculos propios a partir dos fornecidos no sitio web.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Marzo 2006

Meta Fields

Autoria : 3772

Datapublicacion : 20060301